



VIRTUS, UNHA INFRAESTRUTURA TECNOLÓXICA PARA A INVESTIGACIÓN E A DIFUSIÓN VIRTUAIS EN ARTES E HUMANIDADES

Enrique Castelló

Rocío del Pilar Sosa

Manuel Fidalgo

Roi Méndez

Virtus, plataforma tecnolóxica para a investigación virtual da USC, nace como un espazo común de solucións virtuais avanzadas tanto para a innovación docente e a difusión investigadora como para a transferencia tecnolóxica e de coñecemento ao tecido TIC e audiovisual galego. Aberta a toda a comunidade universitaria e ao sector audiovisual e TIC, Virtus é aprobada en Consello de Goberno o día 10 de xuño de 2024 e nace co pulo do financiamento europeo do programa "Next Generation" (ref. EQC2021-007535-P).

Nestes primeiros meses de andaina VIRTUS ten participado con grupos da USC na elaboración de contidos audiovisuais para a creación dun MOOC, na posta en valor e visibilización dos resultados de diferentes proxectos de investigación e na asistencia en directo e en diferido a diversos congresos de investigación de forma remota. Así mesmo, VIRTUS traballa directamente co sector audiovisual galego participando activamente en xornadas e congresos profesionais como a presentación de APRIL (Asociación de Produtoras Independentes de Lugo) ou a proba de conceptos innovadores con Filmax a través do Programa de estímulo á transferencia de coñecemento en Ciencias Sociais, Humanas, Xurídicas e Artísticas impulsado pola Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC.

Virtus conta cunhas tarifas públicas que buscan non facer competencia desleal ao sector audiovisual galego ao mesmo tempo que ofrecer un servizo accesible para os grupos de investigación da USC.



GRUPOS AVALISTAS

GEA

ESCULCA

SISTEMAS
INTELIXENTES

NOVOS
MEDIOS

COGRADE

PCC

EQUIPAMENTO

- 2 cámaras robotizadas PTZ Panasonic AW-UE150KEJ.
- 1 cámara de estudio Panasonic AK-HC3900 con óptica Fujinon ZA12x4.5BRD-S6, sensorización Stype RedSpy e teleprompter.
- Grella de iluminación led.
- Suite completa de Brainstorm Multimedia compatible con Unreal Engine 5.3.
- Escenario con set autoportante de chroma de 7.6 metros de ancho por 4.80 de fondo.
- 4 equipos portátiles compostos por: ordenador portátil co software Edison e compatibilidade con Unreal Engine, cámara Logitech Brio, trípode, 2 luces Elgato Key Light Air, micrófono sen fíos Rode Wireless Go II e mochila de transporte.
- 6 Workstations HP Z4 con procesador Intel Xeon W-2255 a 3.7 GHz, 64 Gb de RAM,
- tarxeta gráfica NVIDIA RTX A6000 e tarxeta de vídeo AJA KONA-5-R0-S01.
- Sinal en SDI, NDI e DANTE.
- Sistema de microfonía e retorno sen fíos Sennheiser con mesa de audio Yamaha TF1 de 64 canles de entrada e saída.



Visita a nosa canle
de youtube



Consulta as nosas
tarifas

